

GAÑADOR na categoría de ADULTOS

SERGIO MEIS CASALDERREY

CEIP de Ponte Sampaio (Pontevedra)

VERBAS ESQUECIDAS

Coido que este lugar é novo para min. Camiño devagar e aos poucos vou tomando conciencia do lugar onde me atopo. É un espazo moi aberto e está case baleiro, sen decoración, nin edificios, nin natureza. Nada.

Descoñezo a súa orixe, pero noto como unha voz detén os meus pensamentos e escoito:

–Ola! Seica temos nova veciña!

–É por min? –respondo case coma un androide.

–Claro que si. Como te chamas?

–Esmorga. Ti quen es?

–Chámome Angazo. Ven, que te levo onde as demais.

Continuamos por un pequeno corredor e rematamos entrando nunha sala ateigada de movemento e barullo.

–Angazo! Xa volviches de abrir a porta? Sempre tardas moito! Temos a partida a medias e triunfan bastos!

–Esa que fala é Xoldra, a túa prima. Xa vou!

–A miña prima?

–Si, e estas son Axóuxere, Luva, Lareira e Caluga.

–Pero... Que lugar é este? Onde me atopo?

–Iso é mellor que cho conte Cachazudo, que a min vanme matar. Vémonos!

O tal Cachazudo, movéndose moi amodiño, vén onda min e, cunha voz case inaudible, solta:

–Veña, imos dar unha volta.

Así foi como comprendín o que era aquel sitio. Aquel vello calmeiro contoume que cando na nosa terra unha verba se usa pouco ou se deixa de usar, acababa alí. Tamén me explicou que unha vez que entras, podes volver saír, mais que non dependía de nós. O certo é que Cachazudo parecía preocupado:

–Eu levo moitísimos anos aquí, e cada vez somos máis. Non sei ata onde imos chegar, pero antes non se miraban tantas verbas como agora.

E despois sentenciou:

–O que fai falta para cambiar isto é afouteza, que, por certo, tamén anda por aquí.